

**BASES**  
**CONCURSO DE POSTAIS DO NADAL**  
**DO ANPA- IES SALVADOR DE MADARIAGA**  
**Decembro 2023**

**1- QUEN PODE PARTICIPAR:**

Pode participar calquera persoa que cumpra estes dous requisitos:

- Formar parte do alumnado do instituto
- Ser socio/a de o ANPA (non te preocupes se aínda non o es, podes asociarche cando queiras).

**2- COMO DEBES FACER A TÚA POSTAL:**

Aínda que sabemos que moitos de vós coñecedes técnicas de debuxo profesionais, e sodes capaces de facer cousas increíbles en formato dixital, pensamos que o máis xusto é poñer uns límites nos materiais.

Así que collede unha CARTOLINA tamaño Din A5, LAPIS, CORES do tipo que queirades, MATERIAIS VARIOS (papel vexetal, celofán, algodón...) e sacade todo o potencial que levades dentro.

**3- CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN:**

Haberá unha única categoría: xente con ganas de debuxar unha preciosa postal.

**4- QUE SE VAI A VALORAR:**

A CREATIVIDADE: que a postal sexa orixinal.

A CALIDADE: cousas como a limpeza, o coidado, a cor...

A MENSAXE: é Nadal, aínda que vos poñades un pouco brandos e brandas non pasa nada. Tampouco se vos poñedes moi divertidos ou mesmo sarcásticas... Expresade vosas opinións debuxando, enviade unha mensaxe... isto valorarase.

**5- QUEN VAI A VALORAR OS VOSOS TRABALLOS:**

Buscaremos un xurado independente, de entre toda a nosa comunidade educativa, quedando excluída calquera persoa que pola súa vinculación ao concurso e/o aos seus participantes poida incorrer en conflito de intereses.

Publicaremos as postais gañadoras o día 21 de decembro na nosa páxina web, e darémosvos o premio para que o poidades levar a casa en Nadal, coas notas.

## **6- O PREMIO:**

Imos premiar tres postais:

1. A mellor postal leva unha tarxeta regalo por valor de 50€
2. A segunda mellor postal leva unha tarxeta regalo por valor de 30€
3. A terceira mellor postal leva unha tarxeta regalo por valor de 20€

Os dez seguintes traballos finalistas terán un detallito do ANPA, polo esforzo e porque é Nadal.

## **7- CAL SERÁ O DESTINO DAS VOSAS POSTAIS:**

Non queremos quedarnos con elas, así que quen as queira recuperar, poderá facelo sen problema.

Con todo, encantaríanos que nolas doádesedes, e nós enviaremosllas como felicitación de Nadal aos residentes de Padre Rubinos, seguro que lles fai moita ilusión!

## **8- DIFUSIÓN DAS PERSOAS GAÑADORAS E O SEU TRABALLO:**

Aos e as artistas gañadores imos pedir un permiso dos vosos pais para saír na nosa web xunto aos vosos traballos.

## **9- ONDE E COMO ENTREGAR AS POSTAIS:**

As postais deberán entregarse de forma presencial no local que o instituto ten habilitado para o ANPA IES Salvador de Madariaga.

Como queremos que sexan anónimas, debeses poñerlle un título á vosa creación pola parte de atrás, e logo debeses meter a postal nun sobre (podedes facelo cun folio), e poñer o mesmo título da postal, así como os vosos datos.

Vídesvos ao local do ANPA e deixádesnola.

A data límite de entrega será o martes 19 de decembro ás 18:00h

Estaremos no local do ANPA para recoller os vosos traballos os seguintes días:

- Mércores 13, xoves 14 e venres 15 de decembro de 11 a 12h
- Martes 19 de decembro de 11 a 12h e de 16 a 18h

Asinado

A directiva do ANPA IES salvador de Madariaga